





DESENVOLVEMENTO REXIONAL

4.1. Infraestructuras

**4.2. Investigación e
tecnoloxía**

UNHA VEZ ANALIZADA A DINÁMICA DEMOGRÁFICA DE Galicia (**1.5.. Poboación**) E o nivel educativo ou formativo da poboación (**2.1.. Emprego e 3.5.. Educación**), este capítulo pretende analizar outros dous factores fundamentais para o desenvolvemento de Galicia: as infraestructuras e as dotacións de capital e a I+D+i e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

Estes dous factores son necesarios para un maior dinamismo da economía galega, dado que posibilitan a captación de investimentos e actúan como elementos impulsores de dinámicas de desenvolvemento territorial.

O capítulo dedicado ás infraestructuras parte da consideración do stock de capital neto total en Galicia no ano 2000 (representa o 5,6% do stock total territorializado no conxunto do Estado) e a súa evolución ao longo da década dos 90 (a taxa de crecemento do stock de capital neto en Galicia foi similar á da media española, cun 3,1%). Posteriormente analízanse as infraestructuras de transporte (terrestres, portuarias e aeroportuarias) e, finalmente, faise mención aos parques tecnolóxicos e empresariais.

O segundo capítulo presenta a situación do investimento en I+D en Galicia, analizando tanto o gasto total e persoal empregado nestas actividades, coma o esforzo investidor de Galicia en investigación e desenvolvemento tecnolóxico e a situación das TIC. Ao longo do ano 2003 a Comunidade autónoma galega dedicou a I+D o 0,86% do seu PIB, estando esta porcentaxe lonxe da media española e europea, que nese ano foi do 1,11% e 1,95%, respectivamente. ■

4.1. Infraestructuras

No CONTEXTO DE CRECIMIENTO DA GLOBALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES PRODUCTIVAS E DE CONSUMO, e por tanto, do transporte de mercadorías, as infraestructuras de transporte adquieren un papel fundamental. A súa importancia radica en que non só permiten formalizar corredores de transporte e unha mellor e máis rápida conexións con distintas áreas e centros de decisión económicos, senón que unhas boas infraestructuras actúan como elemento impulsor de dinámicas de desenvolvemento territorial e posibilitan a captación de investimentos para o devandito impulso económico.

Como punto de partida, cómpre salientar que o stock de capital neto total en Galicia representa no ano 2000 (último dato dispoñible a nivel comunitario autónoma e provincias) o 5,6% do stock total territorializado no conxunto do Estado. Tal como indican os datos publicados no libro “*El stock de capital en España y su distribución territorial (1964-2002)*”, no período 1990-2000 a taxa de crecemento do stock de capital neto en Galicia sitúase no 3,14%, porcentaxe similar á rexistrada no conxunto do Estado (3,07%).

Comparada co resto das comunidades autónomas, Galicia sería a séptima comunitade autónoma con maior stock de capital neto total territorializado no ano 2000, por detrás de Cataluña, Madrid, Andalucía, a C. Valenciana, Castela e León e o País Vasco. En termos de crecemento, tan só cinco comunidades autónomas presentan unha medra superior á galega entre os anos 1990 e 2000 (Navarra, Madrid, Murcia, Baleares e Andalucía).

Atendendo á desagregación entre o stock de capital público e privado, o **cadro 4.1.1.** reflicte que Galicia, no período 1990-2000, e ao igual que o resto das CC.AA. agás A Rioxá, presenta unha medra media bastante máis rápida do capital público que do privado (5,63% e 2,49%, respectivamente). Con todo, e coma amosa o **gráfico 4.1.1.**, dende o ano 1993, o crecemento do stock de capital privado presenta unha tendencia de crecemento positiva. Asemade, nos once anos considerados, o incremento do investimento público é moi superior ao privado agás no derradeiro ano da serie, onde o stock de capital privado medra un 3,08% fronte ao 2,91% do público.

No caso do investimento privado, que representa no ano 2000 o 82,1% do stock de capital neto total, o sector servizos destinados á venda abrangue case o sesenta por cento do capital acumulado en Galicia. No que aos outros tres grandes sectores se refire, a industria representa en torno ao quince por cento do capital galego, fronte ao 6,4% do sector primario (2,3% no conxunto do Estado) e o 2,0% no caso da construcción (refírese ás empresas constructoras privadas, non ao capital residencial nin ás infraestructuras públicas).

O **cadro 4.1.2.** amosa que a maior importancia relativa do capital público corresponde ás infraestructuras de transporte, onde salientan, por riba de todas, as de estradas, que acollen o 4,4% do capital acumulado total en Galicia. O capital público productivo, que inclúe as infraestructuras de transporte, as infraestructuras hidráulicas e as estructuras urbanas, representa o 9,1% do capital total galego, en tanto que o capital público social (educación e sanidade), o 4,0%.


Stock de capital neto total territorializado nas CC.AA. 2000

	Estructura porcentual			Taxas de crecimiento 1990-2000		
	Capital total	Capital Público	Capital Privado	Capital total	Capital Público	Capital Privado
	(%)			(%)		
Andalucía	13,8	16,5	13,2	3,3	4,1	3,1
Aragón	3,3	4,1	3,1	2,9	3,7	2,6
Asturias	2,5	3,4	2,3	1,7	5,0	0,8
Baleares	2,7	1,6	3,0	3,3	4,8	3,2
Canarias	3,6	4,2	3,4	3,1	5,0	2,7
Cantabria	1,4	1,6	1,3	2,7	4,7	2,2
Castela-A Mancha	4,1	5,2	3,9	3,0	3,9	2,7
Castela e León	6,3	7,9	5,9	2,6	3,9	2,3
Cataluña	18,1	13,3	19,1	2,8	4,6	2,6
C. Valenciana	11,0	9,3	11,3	3,0	5,1	2,6
Estremadura	2,0	3,3	1,7	2,3	5,2	1,3
Galicia	5,6	7,1	5,2	3,1	5,6	2,5
A Coruña	2,3	2,8	2,2	2,9	5,9	2,2
Lugo	0,8	1,3	0,7	3,1	5,9	2,1
Ourense	0,8	1,1	0,7	2,6	5,5	1,8
Pontevedra	1,8	2,0	1,7	3,7	5,1	3,4
Madrid	14,8	10,4	15,8	3,7	4,9	3,6
Murcia	2,6	2,4	2,6	3,7	4,9	3,5
Navarra	1,7	1,9	1,6	4,4	4,4	4,4
País Vasco	5,7	6,4	5,5	2,7	4,1	2,4
A Rioxia	0,8	0,9	0,7	3,0	1,3	3,5
Ceuta e Melilla	0,2	0,3	0,2	4,0	4,7	3,8
Total	100	100	100	3,1	4,5	2,8

CADRO 4.1.1. ►

Fonte: Fundación BBVA, *El stock de capital en España y su distribución territorial (1964-2000)*

GRÁFICO 4.1.1. ►

Evolución do stock de capital neto territorializado en Galicia 1990-2000: desagregación segundo capital público e privadoFonte: Fundación BBVA, *El stock de capital en España y su distribución territorial (1964-2002)*

As catro provincias galegas melloran a súa dotación de capital físico, aínda que presentan diferencias canto a súa dimensión. Os datos correspondentes ao ano 2000 indican que A Coruña é a provincia con maior stock de capital, tanto público coma privado, ao acoller o 2,3% do stock neto total territorializado de España (2,8% no caso do capital público e 2,2%, no do capital privado). Séguelle en importancia Pontevedra, cun 1,8% do capital total e Lugo e Ourense, cun 0,8%.

No que á súa intensidade se refire, Pontevedra foi a que presentou as maiores taxas medias de crecemento do stock de capital neto total no período 1990-2000, cunha medra do 3,7%, seis décimas máis que as rexistradas para a economía galega e estatal. A outra provincia que acumula capital a un ritmo superior ao 3% foi Lugo, cun incremento do 3,1%.


Investimento bruto total territorializado en Galicia e España 1990-2000: distribución segundo investimento público e privado

	Estructura 2000		Estructura media 1990-2000	
	Galicia	España	Galicia	España
	(%)	(%)		
Agricultura, silvicultura e pesca	6,4	2,3	6,2	2,6
Enerxía e Industria	14,5	17,9	16,3	17,9
Productos enerxéticos e auga	3,3	3,4	4,5	4,0
Productos industriais	11,3	14,5	11,8	13,9
Construcción e enxeñería	2,0	1,9	1,8	1,6
Servizos				
Destinados á venda	59,2	64,8	53,2	61,2
Aluguer de inmobles e capital residencial	15,5	21,4	14,8	20,9
Outros servizos destinados á venda	43,7	43,4	38,5	40,4
Servizos non destinados á venda	17,9	13,0	22,5	16,7
Estradas	4,4	3,0	7,3	4,6
Infraestructuras hidráulicas	1,8	1,4	2,0	2,1
Estructuras urbanas	1,8	2,0	2,0	2,4
Portos	0,2	0,1	0,5	0,2
Educación	2,3	1,6	2,4	1,8
Sanidade	1,7	0,7	1,5	0,8
Ferrocarril	0,8	1,7	0,4	1,3
Aeroportos	0,1	0,4	0,1	0,3
Resto servizos non destinados á venda	4,8	2,1	6,4	3,3
Investimento total	100	100	100	100
Investimento privado	82,1	87,0	77,5	83,3
Investimento público	17,9	13,0	22,5	16,7
Administración central	2,8	2,1	4,9	3,9
Comunidades autónomas	4,4	3,1	5,6	3,6
Corporacións locais	3,5	3,2	3,9	3,8


Fonte: Elaboración propia a partir de *El stock de capital en España y su distribución territorial*

◀ CADRO 4.1.2.

Evolución do stock de capital público e privado 1990-2000: distribución segundo os seus principais compoñentes



◀ GRÁFICO 4.1.2.



Fonte: Fundación BBVA, *El stock de capital en España y su distribución territorial*

As catro provincias presentan un incremento do stock de capital público superior a 5%, acadando o 5,9% en A Coruña e Lugo (4,5% de media en España). Pola contra, no caso do capital privado, tan só Pontevedra rexistra unha medra superior á do conxunto do Estado (3,4% e 2,8%, respectivamente), sendo este crecemento lixeiramente superior ao dous por cento en A Coruña e Lugo, e inferior a este dous por cento en Ourense. Esta debilidade para atraer capital privado, fundamentalmente na provincia de Ourense, podería implicar importantes dificultades á hora de aproveitar economía de aglomeración no futuro.

INFRAESTRUCTURAS DE TRANSPORTE TERRESTRE

Respecto ás infraestructuras terrestres por estradas, os datos do *Anuario Estatístico 2003* do Ministerio de Fomento reflicten que a rede de estradas de Galicia está composta por 79.049 quilómetros, dos que 61.756 quilómetros corresponden á rede viaria municipal, 15.031 km están a cargo da Entes Territoriais e 2.262 km, a cargo do Estado.

Do total de quilómetros a cargo do Estado, o **cadro 4.1.3.** reflicte que o 32,4% (732 quilómetros) corresponde a autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada, en tanto que dos quilómetros a cargo dos Entes Territoriais, o 65,8% dos mesmos, 9.892 quilómetros, están a cargo das Deputacións provinciais, e 5.139 km están a cargo da Comunidade Autónoma.

En relación ao **investimento medio** na rede de estradas do Estado, comunidades autónomas, deputacións e millóns no período 1999-03, o **cadro 4.1.5.** amosa que Galicia é a novena comunidade autónoma na que máis se inviste por habitante, con 131,7 miles de euros por cada 1.000 habitantes, por detrás de Asturias (359,0 miles de euros por cada mil habitantes), Cantabria (308,2), Castela e León (237,6), Aragón (228,4), A Rioxa (212,6), Navarra (186,2), Castela A Mancha (166,2) e Estremadura (162,7). En termos de investimento por quilómetro de rede, o investimento en Galicia ascendeu, no mesmo período de tempo, a 21,1 miles de euros, sendo a cuarta comunidade na que menos se inviste, por diante de Estremadura (19,8), Castela e León (18,5) e Castela A Mancha (16,1).

O investimento real do Ministerio de Fomento na comunidade autónoma de Galicia ascendeu no último ano a 353,6 millóns de euros. O **cadro 4.1.6.** amosa que o 51,0% do mesmo corresponde á Dirección General de Ferrocarriles, cun investimento real total 180,3 millóns de euros, seguida da Dirección General de Carreteras, con 170,4 millóns de euros, o que supón o 99,2% do investimento total.

Desagregando a nivel provincial, o 56,9% do total do investimento real do Ministerio de Fomento en Galicia está realizado na provincia de A Coruña, con 201,1 millóns de euros, sendo o investimento máis importante o da Dirección General de ferrocarriles con 136,0 millóns de euros (67,6% do investimento na provincia); a segunda provincia en importancia polo volume de investimentos é a de Pontevedra con 90,8 millóns de euros (25,7% do investimento total), dos que o 53,9% (48,9 millóns de euros) foi realizado pola Dirección General de Carreteras.

No que respecta aos investimentos en Galicia das entidades públicas empresariais, cómpre salientar que o investimento de Renfe acadou os 52,9 millóns de euros en 2004, o que supón unha medra do 2,7% respecto o volume investido no ano anterior. Comparado co total estatal, o **cadro 4.1.7.** amosa a caída da importancia relativa do investimento de renfe na Comunidade autónoma, repre-

Lonxitude da rede de estradas en Galicia e España 2002-03

	2002	2003	Galicia / España		2002	2003
	Galicia	España	Galicia	España	2002	2003
(en quilómetros)						
A cargo do Estado	2.270	24.641	2.262	24.857	9,2	9,1
Estradas dunha calzada	1.578	16.273	1.530	16.063	9,7	9,5
Estradas de dobre calzada	73	679	73	719	10,8	10,2
Autovías e autoestradas libres	395	5.756	395	6.027	6,9	6,6
Autoestradas de peaxe	224	1.933	264	2.048	11,6	12,9
A cargo dos Entes territoriais	15.008	139.498	15.031	139.727	10,8	10,8
Comunidade Autónoma	5.128	69.459	5.139	70.270	7,4	7,3
Deputación	9.880	70.039	9.892	69.457	14,1	14,2
Rede viaria municipal (1)	61.756	489.698	61.756	489.698	12,6	12,6
Total rede de estradas	79.034	653.837	79.049	654.282	12,1	12,1

(1) ano 1995

Fonte: Ministerio de Fomento

Índices da rede de estradas do Estado, CC.AA., Deputacións e Cabildos 2002-03 (1)

	2002				2003			
	Rede total/km ² de superficie	Rede total/1000 habitantes (2)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1000 habitantes (2)	Rede total/km ² de superficie	Rede total/1000 habitantes (3)	Vehículos parque/rede total	Vehículos parque/1000 habitantes (3)
Andalucía	0,28	3,27	163,14	533,85	0,28	3,16	167,35	528,54
Aragón	0,23	9,18	59,75	548,79	0,23	9,09	60,52	549,99
Asturias	0,47	4,63	107,81	499,53	0,47	4,68	108,41	507,38
Baleares	0,43	2,36	348,13	821,18	0,43	2,28	347,61	794,02
Canarias	0,58	2,35	279,04	656,67	0,57	2,24	279,57	626,01
Cantabria	0,49	4,77	115,32	550,37	0,49	4,70	119,05	559,22
Castela-A Mancha	0,23	10,28	54,40	559,14	0,24	10,37	54,95	570,00
Castela e León	0,35	13,14	41,70	547,88	0,34	12,96	42,84	555,16
Cataluña	0,37	1,85	350,87	648,51	0,38	1,81	348,60	629,49
C. Valenciana	0,36	1,96	321,75	631,06	0,36	1,90	326,32	619,31
Estremadura	0,21	8,24	63,13	520,27	0,21	8,23	65,30	537,58
Galicia	0,58	6,32	88,62	559,93	0,58	6,29	90,45	568,55
Madrid	0,40	0,58	1.172,64	680,61	0,41	0,57	1.100,88	628,31
Murcia	0,33	3,08	195,35	601,97	0,33	2,97	202,28	600,21
Navarra	0,36	6,49	96,19	624,13	0,37	6,74	91,58	616,92
Pais Vasco	0,59	2,02	260,04	525,81	0,59	2,02	258,54	521,93
A Ríoxa	0,37	6,67	82,43	549,42	0,37	6,51	83,44	543,52
Total	0,32	3,92	152,69	599,12	0,33	3,85	152,92	589,21

(1) na rede de estradas non se inclúen a lonxitude de camiños veciñais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros Organismos

(2) poboación oficial a 1-1-2002

(3) poboación oficial a 1-1-2003

Fonte: Ministerio de Fomento, Anuario estadístico

sentando o 6,0% do investimento total en 2004 fronte ao 9,8% do ano anterior. A provincia de A Coruña abrangue o 52,7% do investimento de Renfe en Galicia, dedicando a meirande parte dos 27,9 millóns de euros investidos á partida de proxectos e coordinación (25,3 millóns de euros). Séguelle Ourense, con 12,3 millóns de euros, e Pontevedra e Lugo, con 7,2 e 5,5 millóns de euros, respectivamente.

▲ CADRO 4.1.3.

▲ CADRO 4.1.4.

O **cadro 4.1.8.** recolle a evolución de investimento realizado en materia de estradas, portos e obras hidráulicas pola Dirección Xeral de Obras Públicas, Portos de Galicia, Augas de Galicia e Obras e Servicios Hidráulicos. Este investimento rexistrou no ano 2004 unha medra do 9,2%, para situarse nos 282,2 millóns de euros, dos que 156,0 millóns de euros (cantidad similar á do ano pre-

4.1.

305

CADRO 4.1.5. ▶

Investimentos medios na rede de estradas do Estado, CC.AA., Deputacións e Cabildos 1999-03 (1)

Administracións públicas	Estado	Entes Territoriais		Administracións públicas		Estado	Entes Territoriais	
		Total	Comunidades Autónomas	Deputacións e Cabildos	Deputacións e Cabildos		Comunidades Autónomas	Deputacións e Cabildos
		(en miles de € / 1000 habas). (2)	(en miles de € / 1000 habas). (2)	(en miles de € / químetro de rede)	(en miles de € / químetro de rede)		(en miles de € / químetro de rede)	(en miles de € / químetro de rede)
Andalucía	94,4	50,7	43,7	37,1	6,6	29,3	116,1	16,2
Aragón	228,4	163,1	65,3	48,6	16,7	25,1	87,9	10,7
Asturias	359,0	212,8	146,2	146,2	-	76,7	300,7	36,8
Baleares	49,5	-	49,5	-	49,5	21,7	-	21,7
Canarias	90,8	-	90,8	-	90,8	-	40,1	40,1
Cantabria	308,2	223,4	84,8	84,8	-	67,3	208,1	25,4
Castela-A. Mancha	166,2	92,1	74,1	65,7	8,4	16,1	47,9	8,9
Castela e León	237,6	127,5	110,1	87,8	22,3	18,5	62,5	10,3
Cataluña	81,6	38,4	43,2	38,0	5,2	45,2	129,6	28,6
C. Valenciana	79,2	38,5	40,7	33,6	7,0	41,9	92,3	27,7
Estremadura	162,7	98,5	64,2	43,1	21,1	19,8	74,3	9,3
Galicia	131,8	67,8	46,0	47,5	16,5	21,1	82,5	11,9
Madrid	25,2	10,3	14,9	14,9	-	44,2	86,8	33,0
Murcia	70,0	30,0	40,0	40,0	-	23,6	70,4	15,7
Navarra	186,2	-	186,2	186,2	-	27,2	-	27,2
Pais Vasco	129,8	-	129,8	-	129,8	64,3	-	64,3
A Rioxa	212,6	138,2	74,4	74,4	-	32,6	94,8	14,7
Total	113,3	57,6	55,7	40,5	15,2	29,7	99,0	17,4
								9,3

(1) na rede de estradas non se inclúe a lonxitude de camiños vecinais a cargo de Concellos, Ministerio de Defensa e outros organismos

(2) Poboación oficial a 1-1-2003

Fonte: Ministerio de Fomento, Anuario estadístico

Investimentos e Transferencias do Ministerio de Fomento en Galicia 2004: obrigas recoñecidas

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Varias prov.	Total
(en miles de €)						
Capítulo 4: Transferencias correntes	8.247,5	-	-	-	-	8.247,5
Para compensa-la pérdida de ingresos pola rebaixa das tarifas de autoestradas de peaxe. R.D.L. 6/99	6.589,9	-	-	-	-	6.589,9
Para compensa-la pérdida de ingresos por prórroga de tarifas de peaxe. R.D. 429/2000	1.643,6	-	-	-	-	1.643,6
Subvencións ás actividades relacionadas co Departamento a distribuir por Orde Ministerial	7,0	-	-	-	-	7,0
Para abono de sentencias relacionadas co Transporte Marítimo	7,0	-	-	-	-	7,0
Capítulo 6: Investimentos reais	201.054,1	30.478,8	22.901,1	90.815,9	8.348,1	353.598,1
Ministerio, Subsecretaría e Servicios Xerais	-	-	-	195,7	-	195,7
D.G. Do Instituto Geográfico Nacional	-	172,0	-	-	119,4	291,4
D.G. De Marina Mercante	1.899,6	-	-	375,3	-	2.274,9
D.G. De Aviación Civil	-	-	-	-	147,3	147,3
D.G. De Carreteras	63.170,3	29.104,6	22.882,5	48.911,0	6.323,1	170.391,5
D.G. De Ferrocarriles	135.984,2	1.202,2	18,6	41.334,0	1.758,3	180.297,3
Capítulo 7: Transferencias de capital	1.977,9	2.997,9	1.725,2	3.511,3	-	10.212,4
Convenio de colaboración co Ministerio de Fomento Parque Arqueolóxico Mundo Castro	-	-	800,0	-	-	800,0
Axudas Plan Nacional de Investigación Científica	51,0	-	-	21,0	-	72,0
Convenios con Concellos para cesión de titularidade de tramos urbanos	1.510,5	2.867,3	736,9	3.393,9	-	8.508,7
Programas de medidas para melloras do sector de transportes por estrada	416,4	130,6	188,3	96,4	-	-
Total Transferencias	10.225,4	2.997,9	1.725,2	3.511,3	-	18.459,9
Total Investimentos	201.054,1	30.478,8	22.901,1	90.815,9	8.348,1	353.598,1

Fonte: Ministerio de Fomento

▲ CADRO 4.1.6.

◀ CADRO 4.1.7.

Investimentos totais de Renfe 2003-04

	2003	2004	04/03
(en miles de €)			
A Coruña	17.099,6	27.905,7	63,2
Mantenemento de infraestructura	3.069,9	1.976,9	-35,6
Circulación	32,0	51,7	61,5
Cargas	258,4	-	-100,0
Estacións	596,8	105,1	-82,4
Rexionais	-	7,6	-
Patrimonio e urbanismo	516,2	99,7	-80,7
Transporte combinado	48,3	-	-100,0
Proxectos e coordinación	12.472,0	25.326,8	103,1
Terminalis	-	35,6	-
Direccións corporativas	105,9	302,3	185,5
Lugo	15.425,1	5.538,1	-64,1
Mantenemento de infraestructura	1.718,8	2.930,1	70,5
Circulación	-	35,9	-
Estacións	-	43,6	-
Mantenemento integral de trens	-	113,4	-
Cargas	63,5	-	-100,0
Transporte combinado	9,9	-	-100,0
Proxectos e coordinación	13.632,9	1.530,2	-88,8
Mercancías	-	333,7	-
Terminalis	-	551,2	-
Ourense	11.047,5	12.291,7	11,3
Mantenemento de infraestructura	9.807,7	9.740,9	-0,7
Circulación	281,3	363,4	29,2
Cargas	267,0	-	-100,0
Estacións	44,4	54,5	22,6
Mantenemento integral de trens	34,5	85,2	147,1
Patrimonio e urbanismo	416,5	12,9	-96,9
Proxectos e coordinación	169,9	1.906,6	1022,1
Terminalis	-	128,2	-
Telecomunicacións comerciais	4,1	-	-100,0
Proxectos corporativos	22,1	-	-100,0
Pontevedra	7.966,4	7.191,4	-9,7
Mantenemento de infraestructura	5.395,9	6.063,2	12,4
Circulación	26,9	80,8	200,0
Cargas	365,5	-	-100,0
Rexionais	6,8	-	-100,0
Estacións	344,3	254,8	-26,0
Patrimonio e urbanismo	86,5	-	-100,0
Transporte combinado	1.366,0	-	-100,0
Terminalis	-	230,5	-
Proxectos e coordinación	374,4	562,1	50,1
Total	51.538,5	52.926,9	2,7
España. Total rexionalizable (ETR)	527.163,5	886.935,3	-
España. Total	920.391,7	1.280.163,5	-
G/ETR (%)	9,8	6,0	-

Fonte: Renfe

4.1.

Investimentos presupostados en estradas, portos e obras hidráulicas 2003-04

Organismo	Concepto	2003	2004	04/03
		(en miles de €)	(%)	
D.X. Obras Públicas	Estrada (413 B, 600, 610)	155.963,2	156.046,1	0,1
Portos de Galicia	Portos (presupuesto de capital)	21.338,0	26.024,0	22,0
Augas de Galicia	Investimentos reais (Cap. VI)	22.289,9	31.987,3	43,5
Obras e Servicios Hidráulicos	Obras hidráulicas (presupuesto de capital)	58.808,0	68.163,0	15,9
Total		258.399,1	282.220,4	9,2

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

Proxecto de investimentos das Direccións Xerais de Obras Públicas 2003-04

413 A	Ordenación e inspección do transporte terrestre	2003	2004	04/03
		(en miles de €)	(%)	
600	Mellora da accesibilidade	6.028,2	6.850,0	13,6
610	Infraestructuras de mellora da accesibilidade	400,0	400,0	0,0
623	Maquinaria, instalacións e utensilios - adquisicións	601,0	-	-100,0
625	Mobiliario e utensilios	-	-	-
626	Equipos para procesos informáticos	60,0	-	-100,0
632	Edificios e outras construcións	120,2	65,0	-45,9
633	Maquinaria, instalacións e utensilios - reposición	18,0	18,2	1,1
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	814,0	710,0	-12,8
413 B	Construcción, conservación e explotación de estradas	2003	2004	04/03
600	Mellora da accesibilidade	121.074,5	129.931,1	7,3
610	Infraestructura de mellora da accesibilidade	35.703,9	26.115,0	-26,9
623	Maquinaria, instalacións e utensilios - adquisicións	257,9	200,0	-22,5
624	Material de transporte	200,0	150,0	-25,0
625	Mobiliario e útiles	120,0	60,0	-50,0
626	Equipos para procesos de información	150,0	50,0	-66,7
640	Gastos en investimentos de carácter inmaterial	3.030,6	2.000,0	-34,0

Fonte: Xunta, Presupostos xerais da C.A.

CADRO 4.1.8. ▲

cedente) corresponden á Dirección Xeral de Obras Públicas. O investimento en obras hidráulicas (Augas de Galicia e Obras e Servicios Hidráulicos) ascendeu aos 100,2 millóns de euros (un 23,5% superior ao rexistrado en 2003) e Portos de Galicia rexistra unha medra do 22,0%, cun investimento de 26,0 millóns de euros.

CADRO 4.1.9. ▲

No que atinxe aos principais programas das direccións xerais de Obras Públicas e de Transportes, o **cadro 4.1.9.** reflicte que o investimento do programa de construcción, conservación e explotación de estradas ascendeu no ano 2004 a 158,5 millóns de euros, un 1,3% menos que o presupostado no ano anterior. O programa de ordenación e inspección do transporte terrestre, mantívose nos 8,0 millóns de euros.

INFRAESTRUCTURAS PORTUARIAS E AEROPORTUARIAS

O investimento en infraestructuras portuarias en Galicia ascendeu a 138,0 millóns de euros no ano 2004, dos que 110,4 millóns de euros corresponden ao investimento realizado polo ministerio de Fomento nos portos de interese xeral, e 27,6 millóns de euros, ao investimento no resto dos portos de Galicia.

4.1.

- **Portos de interese xeral do Estado.**- O investimento do Ministerio de Fomento no ano 2004 en materia de infraestructuras e explotación portuaria, foi de 110,4 millóns de euros. Nos dous portos da provincia de A Coruña este inves-

Investimentos de Portos de Galicia 2002-03

	2003				
	A Coruña	Lugo	Pontevedra	Varios portos	Total
(en €)					
Sinais marítimas e balizamento	26.619,88	6.003,68	59.008,21	16.491,17	108.122,94
Accesos marítimos	-	288.882,10	22.854,53	-	311.736,63
Obras de abrigo e dársenas	1.819.241,31	429.181,68	1.287.724,98	-	3.536.147,97
Obras de atraque	3.341.651,87	243.508,71	4.170.050,48	-	7.755.211,06
Edificacións	1.990.839,96	511.792,06	620.683,64	-	3.123.315,66
Instalacións xerais	543.882,74	122.221,02	372.835,04	882,00	1.039.820,80
Pavimentos, calzadas e vías circulación	2.463.882,35	1.450.232,77	2.448.803,52	-	6.362.918,64
Estudios e proxectos	433.809,38	113.437,68	182.347,59	86.607,92	816.202,57
Equipos manipulación mercadorías	45.198,28	-	-	-	45.198,28
Material flotante	-	-	-	1.299.184,41	1.299.184,41
Instalacións e utilaxe	-	-	-	-	-
Outras instalacións	13.130,03	-	1.862,50	5.148,00	20.140,53
Total	10.678.255,80	3.165.259,70	9.166.170,49	1.408.313,50	24.417.999,49

	2004				
	A Coruña	Lugo	Pontevedra	Varios portos	Total
(en €)					
Sinais marítimas e balizamento	8.994,59	-	-	69.942,20	78.936,79
Accesos marítimos	-	243.731,28	54.642,60	-	298.373,88
Obras de abrigo e dársenas	2.268.517,18	745.844,45	15.553,08	-	3.029.914,71
Obras de atraque	3.281.500,11	2.189.181,13	4.026.312,81	-	9.496.994,05
Edificacións	-	-	7.905,97	-	7.905,97
Instalacións xerais	1.992.163,96	482.255,44	422.645,50	246.277,24	3.143.342,14
Pavimentos, calzadas e vías circulación	403.665,70	65.295,83	67.475,24	-	536.436,77
Estudios e proxectos	5.652.260,81	1.162.069,56	3.585.081,24	-	10.399.411,61
Equipos manipulación mercadorías	327.335,20	75.538,01	172.801,48	11.716,22	587.390,91
Material flotante	-	-	-	-	-
Instalacións e utilaxe	-	-	-	-	-
Outras instalacións	10.866,48	-	-	-	10.866,48
Total	13.945.304,03	4.963.915,70	8.352.417,92	327.935,66	27.589.573,31

Fonte: Portos de Galicia

timento ascendeu a 63,8 millóns de euros e nos tres portos da provincia de Pontevedra o investimento acadou os 46,6 millóns de euros.

▲ CADRO 4.1.10.

• **Portos da Comunidade Autónoma.**- O investimento en infraestructuras portuarias ao longo do ano 2004 ascendeu a 27,6 millóns de euros, un 13,0% máis que o investido ao longo do ano anterior. Os portos da provincia de A Coruña acollerón a metade do investimento total, con 13,9 millóns de euros, un 30,6% máis que no ano anterior. O investimento nos portos da provincia Pontevedra rexistrou un descenso do 8,9% respecto ao ano anterior, acadando os 8,3 millóns de euros (o 30,3% do investimento de Portos Galicia), namentres que os de Lugo ven como o investimento medra nun 56,8%, acadando os 5,0 millóns de euros (o 18,0% do investimento galego).

Atendendo aos diferentes tipos de obras, o **cadro 4.1.10.** reflicte que no ano 2004 os investimentos más importantes sonos correspondentes aos estudos e proxectos, con 10,4 millóns de euros (o 37,7% do investimento), seguido polo investimento en obras de atraque, que abrangue o 34,4% do investimento (9,5 millóns de euros), e os de instalacións xerais e os de pavimentos, calzadas e vías de circulación, co 11,4% (3,1 millóns de euros) e 11,0% (3,0 millóns de euros), respectivamente.

No caso das **infraestructuras aeroportuarias**, no ano 2004 o investimento realizado polo Ministerio de Fomento en Galicia nos tres aeroportos ascendeu a 9,7 millóns de euros, dos que o aeroporto de Santiago recibiu 5,0 millóns de euros, o de Vigo, 3,7 millóns de euros, e o de A Coruña, 1,0 millóns de euros.

4.1.

309

Parques empresariais operativos promovidos polo IGVS (1)				
	Xestor	Superficie total	Superficie industrial e comercial	Parcelas
		(m ²)		
A Coruña				
Alvedro	Xestur Coruña	450.000	224.551	260
Arzúa	Xestur Coruña	40.630	31.729	19
As Pontes	Xestur Coruña	256.591	211.434	12
Boiro	Xestur Coruña	241.025	169.111	43
Cerdeira	Xestur Coruña	90.808	65.540	19
Coirós	Xestur Coruña	256.750	175.200	19
Melide	Xestur Coruña	147.253	85.615	74
Noia	Xestur Coruña	78.348	48.625	34
Ordes	Xestur Coruña	78.660	53.006	43
Ponteceso	Xestur Coruña	59.748	36.793	72
Pontedeume	Xestur Coruña	116.269	75.007	33
Ribeira - Xarás	Xestur Coruña	123.000	80.365	47
Somoza	Xestur Coruña	325.953	215.134	11
Lugo				
A Pontenova	Xestur Lugo	60.876	37.192	44
Becerrea	Xestur Lugo	29.394	21.605	21
Begonte	Xestur Lugo	36.811	28.256	30
Bóveda	Xestur Lugo	37.694	26.388	30
Castro de Ribeiras de Lea	Xestur Lugo	95.262	65.052	50
Castro de Cervo	Xestur Lugo	116.958	46.079	25
Guitiriz	Xestur Lugo	60.220	37.750	41
Lugo INF	Xestur Lugo	300.857	205.209	145
Meira	Xestur Lugo	75.708	48.800	34
Muiñeira	Xestur Lugo	42.279	27.020	22
Pastoriza	Xestur Lugo	44.190	29.880	39
Quiroga	Xestur Lugo	59.954	32.395	36
Vilalba	Xestur Lugo	272.136	206.350	103
Xermade	Xestur Lugo	14.855	11.490	17
Xove	Xestur Lugo	42.675	27.929	33
Ourense				
Allariz		103.400	58.485	30
Celanova	Xestur Ourense	74.100	45.982	42
O Barco de Valdeorras	Xestur Ourense	104.025	63.715	34
O Carballiño	Xestur Ourense	253.535	194.496	28
Pereiro de Aguiar	Xestur Ourense	354.873	164.921	62
Ribadavia	Xestur Ourense	51.973	22.780	22
Sarreaus	Xestur Ourense	580.844	408.374	1
Verín	Xestur Ourense	132.215	28.327	12
Xinzo de Limia	Xestur Ourense	219.949	153.010	54
Pontevedra				
Bueu	Xestur Pontevedra	59.164	38.076	11
Lalín	Xestur Pontevedra	305.354	179.920	105
O Campiño (Pontevedra)	Xestur Pontevedra	343.291	215.279	87
Silleda	Xestur Pontevedra	101.230	73.059	44
Tui	Xestur Pontevedra	157.051	79.822	53
Trabancos-Badiña (Vilagarcía)	Xestur Pontevedra	86.233	56.342	51

(1) actualización a 23-04-2004
Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do IGVS

CADRO 4.1.11. ►

PARQUES TECNOLÓXICOS E EMPRESARIAIS

Os parques tecnolóxicos están orientados cara a empresas e institucións con alto nivel tecnolóxico e innovador como son, entre outros, as industrias de transformación da madeira, ou sectores da prezo, agroalimentario, téxtil ou de rochas ornamentais.

No Parque Tecnolóxico de Galicia, emprazado no concello ourensán de San Cibrao de Viñas, cunha superficie total de 514.438 metros cadrados, están ubicadas un total de 65 empresas e o persoal empregado ascende a 800 traballadores. En marzo de 2004 púxose en marcha o Parque Tecnolóxico e Loxístico de Vigo, cunha superficie total de 874.195 metros cadrados (atópase en fase de estudio unha ampliación de 250.000 metros cadrados). Neste PTL-Vigo, orientado á promoción da I+D+i e ás solucións loxísticas, están instaladas 77 empresas que proporcionan 3.500 postos de traballo.

Ao carón destes parques tecnolóxicos, a 23 de abril de 2004 había en Galicia un total de 43 parques empresariais operativos promovidos polo IGVS e o Xestur,

Parques empresariais a executar por IGVS e Xestur no marco do Plan Galicia da Xunta⁽¹⁾

Concello	Superficie (en m ²)	Investimento previsto (en €)
A Coruña	2.221.000	67.689.290
Carballo	730.000	16.938.500
Cedeira	100.000	2.820.590
Touro	51.000	1.440.200
Santiago	1.340.000	46.490.000
Lugo	3.589.000	78.184.890
Baamonde	1.219.000	18.297.190
Foz 2º	50.000	750.500
Lugo, As Gándaras	2.200.000	56.736.000
Viveiro	120.000	2.401.200
Ourense	2.200.000	52.205.335
A Gudiña	30.000	726.170
Nogueira de Ramuín	30.000	823.050
Paderne-Taboadeira	1.000.000	24.130.225
Pereiro de Aguiar	150.000	3.480.650
Pobra de Trives	30.000	829.500
Riós	30.000	738.500
Rubiá	50.000	1.199.040
Verín	150.000	3.568.200
Viana do Bolo	30.000	797.500
Xinzo de Limia	700.000	15.912.500
Pontevedra	800.000	20.324.500
Mos	800.000	20.324.500

(1) Actualización a primeiro semestre 2005
Fonte: Instituto Galego da Vivenda e Solo

◀ CADRO 4.1.12.

que ofertan un total de 2.036 parcelas e unha superficie total de 6.606,3 miles de metros cadrados (a superficie comercial ascende a 4.106,1 miles de metros cadrados. O **cadro 4.1.11.** recolle os datos máis salientables en relación con estes parques empresariais e a súa agrupación por provincias, observando que os parques empresariais que presentan unha maior superficie comercial e industrial son os de Sarreaus en Ourense, O Campiño (Pontevedra) na provincia de Pontevedra, Alvedro, Somozas e As Pontes en A Coruña, e finalmente Vilalba e Lugo INF en Lugo.

Xunto a estos parques empresariais, e dentro do investimento do Plan Galicia, no primeiro semestre do 2005 o IGVS-Xestur executou dous parques empresariais na provincia de Lugo (Barreiros e Lourenzá), cunha superficie total de 200.000 metros cadrados. O **cadro 4.1.12.** reflicte os principais datos das 19 actuacións do Plan Galicia da Xunta en fase de execución a xuño de 2005. En conxunto, o investimento total nestes 19 parques ascende a 218,4 millóns de euros e a superficie total é de 8.810 miles de metros cadrados.

Os catro parques empresariais que se están a desenvolver na provincia de Lugo son os que, en conxunto, acollen o investimento máis elevado e a maior superficie. A contía investida nestes parques ascende a 78,2 millóns de euros (o 35,8% do total investido) e a superficie acada os 3.589 miles de metros cadrados (o 40,7% da superficie total). Séguenlle os parques da provincia de A Coruña, cun investimento de 67,7 millóns de euros (31,0%) e unha superficie de 2.221 miles de metros cadrados (25,2%); Ourense, con 52,2 millóns de euros (23,9%) e 2.200 miles de metros cadrados (25,0%); e Pontevedra, con 20,3 millóns de euros (9,3%) e 800 miles de metros cadrados (9,1%).

De xeito adicional ao Plan Galicia, o **cadro 4.1.13.** reflicte os 19 parques empresariais a desenvolver polo Xestur e os 8 financiados polo Instituto Galego da Vivenda e Solo. A superficie total destes 27 parques empresariais en proceso

Parques empresariais a executar por Xestur e IGVS: Actuacións non incluídas no Plan Galicia (1)

		Superficie prevista (en m ²)	Investimento (en €)
A Coruña		1.591.195	36.062.395
Financiados pol Xestur	Bríon	1.270.000	28.700.000
	Coiros	200.000	5.900.000
	Coristanco	500.000	9.500.000
	Oroso	175.000	4.600.000
		395.000	8.700.000
Financiados por IGVS	Negreira	321.195	7.362.395
	Vilasantar	141.195	2.862.395
		180.000	4.500.000
Lugo		1.515.425	27.405.567
Financiados pol Xestur	A Pontenova	1.044.000	19.144.000
	Alfoz	80.000	1.170.000
	Castro de ribeiras de Lea	30.000	1.173.000
	Corgo	154.000	2.440.000
	Cospeito-Muimenta	150.000	3.040.000
	Outeiro de rei	136.000	2.070.000
	Valadouro	198.000	2.950.000
	Vilalba (ampliación)	70.000	2.341.000
Financiados por IGVS	Friol	226.000	3.960.000
	Monterroso	471.425	8.261.567
	Palas de Rei	120.000	1.160.000
	Samos	155.425	3.099.866
	Taboada	30.000	1.791.701
		86.000	800.000
			1.410.000
Ourense		120.000	2.000.000
Financiados pol Xestur	Barco de Valdeorras	120.000	2.000.000
		120.000	2.000.000
Pontevedra		2.089.174	48.126.130
Financiados pol Xestur	Crecente	1.595.898	35.936.130
	Lalin (ampliación)	52.000	1.883.000
	Ponteareas	197.000	5.147.122
	Rodeiro	900.000	16.875.000
	Silleda (ampliación)	187.195	2.921.000
	Vilagarcía pousadoiro	48.954	1.235.685
Financiados por IGVS	Pontecaldelas 1ª fase	210.749	7.874.323
		493.276	12.190.000
		493.276	12.190.000
Total Xestur (19 parques)		4.029.898	85.780.130
Total IGVS (8 parques)		1.285.896	27.813.962
Total		5.315.794	113.594.092

(1) Actualización a primeiro semestre 2005

Fonte: Instituto Galego da Vivenda e Solo

CADRO 4.1.13. ►

de execución ascende a 5.315,8 miles de metros cadrados (4.029,9 corresponden aos parques financiados polo Xestur) e o seu investimento previsto a 113,6 millóns de euros (85,8 millóns de euros nos parques financiados polo Xestur). En conxunto, os sete parques a desenvolver en Pontevedra son os que acollen a maior superficie e o maior investimento, con 2.089,2 miles de metros cadrados (o 39,3% da superficie total) e 48,1 millóns de euros (o 42,4%). O investimento total previsto en A Coruña é de 36,1 millóns de euros (o 29,9% do total) e a superficie total a 1.591,2 miles de metros cadrados (31,7%).

Asemade, o **cadro 4.1.14.** recolle o estado de execución dos 20 parques empresariais a executar por Suelo Empresarial del Atlántico (SEA, S.L.) no marco do Plan Galicia. A superficie total prevista destes parques ascende a 4.723,9 miles de metros cadrados e o seu investimento a 118,6 millóns de euros. Nos trece parques empresariais que se están a executar na provincia de A Coruña, investiranse un total de 70,7 millóns de euros, acadando a superficie prevista os 2,869 miles de metros cadrados. En Pontevedra, o investimento total nos cinco parques

Parques empresariais do Plan Galicia a executar por Suelo Empresarial del Atlántico (SEA, S.L.)

	Superficie prevista (en m ²)	Investimento total (en €)	Actuacións en 2005
A Coruña			
Camariñas	2.869.000	70.696.380	Tramitación do Proxecto Sectorial e adquisición de terreos
Cariño	50.000	1.391.350	Adquisición de terreos e parte das obras de urbanización
Carnota	130.000	3.838.750	Tramitación do Proxecto Sectorial e adquisición de terreos
Cee	50.000	1.275.200	Tramitación do Proxecto Sectorial e adquisición de terreos
Ferrol	240.000	5.184.000	Tramitación do Proxecto Sectorial e adquisición de terreos
Laracha	800.000	22.556.000	Adquisición de terreos
Laxe	850.000	18.415.500	Adquisición de terreos
Malpica	50.000	1.274.500	Adquisición de terreos
Muros	189.000	4.324.350	Tramitación do Proxecto Sectorial e adquisición de terreos
Muxía	50.000	1.183.000	Adquisición de terreos e parte das obras de urbanización
Porto do Son	50.000	1.402.000	Tramitación do Proxecto Sectorial , adquisición de terreos e inicio obras
Rianxo	60.000	1.621.500	Tramitación do Proxecto Sectorial , adquisición de terreos e inicio obras
Vimianzo	300.000	7.078.500	Adquisición de terreos e parte das obras de urbanización
Lugo	320.000	7.317.000	
Mondoñedo	70.000	1.470.000	Adquisición de terreos e obras de urbanización
Xove-Cervo 1ª fase	250.000	5.847.000	Tramitación do Proxecto Sectorial e adquisición de terreos
Pontevedra			
A Guarda-O Rosal	1.534.888	40.588.790	Tramitación do Proxecto Sectorial , adquisición de terreos e inicio obras
Catoira	272.891	7.430.700	Adquisición de terreos e obras de urbanización
Salceda de Caselas	91.139	2.451.500	Adquisición de terreos e obras de urbanización
Tomiño	50.858	1.824.590	Tramitación do Proxecto Sectorial e adquisición de terreos
Vilanova de Arousa	520.000	13.839.400	Tramitación do Proxecto Sectorial e adquisición de terreos
Total actuacións	4.723.888	118.602.170	

Fonte: Instituto Galego da Vivenda e Solo

empresariais ascende a 40,6 millóns de euros e a súa superficie a 1.534,9 miles de metros cadrados, mentres que na provincia de Lugo se están a executar dous parques empresariais, cunha superficie total de 320 mil metros cadrados e un investimento de 7,3 millóns de euros. ■

▲ CADRO 4.1.14.